

BOLSAS EXCELENCIA MOCIDADE EXTERIOR – CONVOCATORIA ANO 2025**Procedemento/ Prazos / Calendario convocatoria**

FIN PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DA BOLSA	30/04/2025 (23:59 h) (hora peninsular española)
--	--

LISTAS PROVISIONAIS DE SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS	DATA PUBLICACIÓN WEB
a) Lista provisional de persoas admitidas : a documentación presentada está completa e correcta b) Lista provisional de persoas excluídas : a documentación non está completa ou non acreditan que cumpren os requisitos	Finais maio 2025
Abrirase un prazo de 5 días para que as persoas excluídas emenden ou acheguen a documentación faltante á súa solicitude de bolsa.	Prazo de subsanación (5 días hábiles)

LISTAS PROVISIONAIS DE PERSOAS CANDIDATAS Á BOLSA	DATA PUBLICACIÓN WEB
Unha vez avaliadas as solicitudes coa puntuación que lles corresponda, seleccionárase a un máximo de 450 solicitantes que tivesen a puntuación máis alta para continuar o proceso de selección, o resto quedan excluídos. a) Lista provisional de 250 persoas candidatas á bolsa : formada polas que tivesen a maior puntuación. b) Lista provisional dun máximo de 200 persoas candidatas suplentes : formada polas seguintes clasificadas. c) Lista provisional de persoas candidatas excluídas que cumpren os requisitos da convocatoria, pero non acadaron un número de orde pola puntuación outorgada que lles permita continuar no proceso de selección. d) Lista provisional de persoas solicitantes excluídas por non acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria	Finais xuño 2025
Abrirase un prazo de 5 días para presentar alegacións para que as persoas poidan alegar só no caso de que non estean de acordo con a puntuación ou cos motivos de exclusión.	Prazo de alegacións (5 días hábiles)

LISTAS DEFINITIVAS DE PERSOAS CANDIDATAS Á BOLSA	DATA PUBLICACIÓN WEB
Á vista das alegacións presentadas, publicaranse as lista definitivas dun máximo de 450 solicitantes que tivesen a puntuación máis alta para continuar o proceso de selección, o resto quedan excluídos. a) Lista definitiva de 250 persoas candidatas á bolsa: formada polas que tivesen a maior puntuación b) Lista definitiva dun máximo de 200 persoas candidatas suplentes: formada polas persoas clasificadas a continuación. c) Lista definitiva de persoas candidatas excluídas que cumpren os requisitos da convocatoria, pero non alcanzaron un número de orde pola puntuación outorgada que lles permita continuar no proceso de selección. d) Lista definitiva de persoas solicitantes excluídas por non acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria.	Principios xullo 2025

FIN PRAZO DE PRESENTACIÓN DE MATRÍCULA UNIVERSITARIA NUN MÁSTER	DATA PUBLICACIÓN WEB
Para continuar o proceso de selección é necesario que as persoas que figuran nas listas definitivas de candidatas e na de suplentes acrediten estar matriculadas na universidade nun máster dos ofertados nesta convocatoria de bolsas. O prazo para enviar este xustificante de matrícula establecerase unha vez que as universidades publiquen os prazos e calendarios de matrícula para o curso 2025/26. Este prazo publicarse na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración (normalmente este prazo é a finais de xullo ou nos primeiros días de agosto) As 250 persoas da lista definitiva de candidatas á bolsa, sempre que acrediten estar matriculadas nun máster nese prazo, pasarían a ser beneficiarias da bolsa. As persoas que figuran na lista definitiva de suplentes, sempre que acrediten estar matriculadas nun máster neste mesmo prazo, poderían chegar a ser adxudicatarias da bolsa no caso de que persoas da lista de candidatas definitivas non se matriculasen, ou ben formar parte da lista de suplentes para casos de renuncias ou baixas de persoas adxudicatarias.	Pendente de determinar (finais de xullo/principios agosto 2025

LISTAS DE PERSOAS BENEFICIARIAS DAS BOLSAS E SUPLENTES	DATA PUBLICACIÓN WEB
Publicarase na web no mes de agosto unha “nota informativa” con estas listaxes para que as persoas beneficiarias preparen a súa viaxe a España. a) Lista das 250 persoas beneficiarias das bolsas b) Lista das 50 persoas suplentes para os casos de renuncias ou baixas das adxudicatarias	Principios agosto 2025

LISTAS DE PERSOAS BENEFICIARIAS DAS BOLSAS, SUPLENTES E SOLICITUDES DENEGADAS	DATA PUBLICACIÓN WEB
Realizarase a publicación oficial no DOG (Diario Oficial de Galicia) e na web no mes de setembro. a) Lista das 250 persoas beneficiarias das bolsas: que se corresponderá con aquelas que obtivesen as maiores puntuacións e xustificasen a súa matrícula nun máster dos ofertados nesta convocatoria. b) Lista de 50 suplentes: para cubrir as renuncias ou baixas que se puidesen producir dalgunha persoa adxudicataria da bolsa. c) Lista de solicitudes denegadas: formada polas persoas que non acreditaron reunir algún requisito esixido nesta convocatoria e polas persoas que non alcanzaron un número de orde que lles permita formar parte das listas de persoas beneficiarias ou suplentes.	Setembro 2025